

*Orde do 2 de xullo de 2010 pola que se convocan probas para a obtención de determinados carnés profesionais no ano 2010.*

Na Orde do 27 de decembro de 2000, da Consellería de Industria e Comercio, e nas súas modificacións establécese o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e as exixencias a empresas autorizadas para a instalación, o mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.

O acordo de coordinación asinado o 9 de abril de 2010 entre a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para establecer un procedemento co fin de que o proceso de obtención de determinados carnés profesionais se articule a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, establece que esta última adoptará as medidas que cumpran para que nos centros integrados de formación profesional ou naqueloutros dependentes desta consellería que se estableza, que impartan formación profesional, se realicen as xestións encamiñadas á obtención dos carnés profesionais nas diversas especialidades que conxuntamente se determinen.

Así mesmo, faculta a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para realizar as convocatorias anuais para a obtención dos carnés profesionais e das habilitacións profesionais polo procedemento de exame.

En virtude do anteriormente exposto, co fin de regular a organización e o desenvolvemento dos exames para a obtención de determinados carnés profesionais,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é establecer o procedemento que seguirá a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a realización dos exames encamiñados á obtención dos carnés de instalador/ora autorizado/a, así como convocar para o ano 2010 os exames nas seguintes especialidades:

- Instalador/ora de fontanaría.
- Operador/ora industrial de caldeiras.
- Instalador/ora frigorista.
- Conservador/ora reparador/ora frigorista.
- Certificado de cualificación individual en baixa tensión, categoría básica.
- Certificado de cualificación individual en baixa tensión, categoría especialista.
- Carné profesional en instalacións térmicas de edificios.

-Certificado de cualificación individual como instalador/ora de gas, categoría A.

-Certificado de cualificación individual como instalador/ora de gas, categoría B.

-Certificado de cualificación individual como instalador/ora de gas, categoría C.

-Instalador/ora de produtos petrolíferos líquidos, categoría I.

-Instalador/ora de produtos petrolíferos líquidos, categoría II.

-Reparador/ora de produtos petrolíferos líquidos, categoría III.

-Instalador/ora de liñas de alta tensión, categoría LAT1.

-Instalador/ora de liñas de alta tensión, categoría LAT2.

-Operador/ora de guindastre torre.

-Operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, categoría A.

-Operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, categoría B.

#### Artigo 2º.-*Requisitos das persoas aspirantes.*

Para seren admitidas á realización das probas, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar en idade legal laboral ou ter cumprida a idade mínima que, de ser o caso, poida exixir a normativa sectorial correspondente.

b) Cumprir os requisitos específicos que para cada especialidade se establezan na normativa vixente.

Estes requisitos deberán cumprirse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

#### Artigo 3º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As persoas aspirantes deberán solicitar a súa admisión ás probas mediante instancia, segundo o modelo que figura no anexo I. No caso de teren interese na obtención de máis dun carné presentarán unha solicitude por cada un deles, xunto coa correspondente documentación xustificativa.

O modelo de solicitude poderase obter nos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

2. As solicitudes presentaranse nos rexistros dos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, na oficina de rexistro único e información no complexo administrativo de San Caetano ou nos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Xunto coa solicitude cumprirá presentar a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI (só no caso de non autorizar a consulta dos datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia).

b) Dúas fotografías tamaño carné.

c) Copia compulsada do título ou certificado de estudos e/ou, de ser o caso, certificado de asistencia e superación do curso teórico-práctico impartido por unha entidade recoñecida pola Consellería de Economía e Industria.

d) Xustificante de aboamento das taxas de exame.

e) No caso de acreditación da experiencia laboral:

-Vida laboral expedida polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

-Certificación das empresas en que se exerceu actividade.

f) No caso de operador/ora de guindastre torre e guindastre móbil autopropulsado: documento que acredite a superación dun exame médico, psicotécnico e físico específico para este tipo de actividades, que inclúa exame sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva, así como aptitudes psicolóxicas.

Artigo 4º.-*Taxas de exame.*

1. Xunto coa solicitude deberase presentar xustificante para a Administración do impreso correspondente de autoliquidación de taxas en concepto de dereitos de exame (importe 38,37 euros) debidamente validado pola entidade bancaria onde se realice o ingreso. O modelo de impreso, así como os datos e códigos que se deben indicar, son os que figuran no anexo II.

2. A non presentación dentro de prazo deste anexo, no cal debe figurar o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación deste anexo suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

Artigo 5º.- *Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 23 de xullo de 2010.

Artigo 6º.-*Admisión de solicitudes.*

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, coas causas de exclusión, nos taboleiros de anuncios dos departamentos territoriais de Educación e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>. Na citada listaxe figurarán ademais as datas, a hora e os lugares de realiza-

ción dos exames, así como a composición dos tribunais.

2. As persoas excluídas, así como as que non figuren nin nas relacións de admitidas nin nas de excluídas, disporán de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para a emenda de defectos.

3. Logo de transcorrido o prazo de reclamacións publicarase a listaxe definitiva de persoas admitidas nos departamentos territoriais de Educación e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

Artigo 7º.-*Tribunais cualificadores.*

1. Constituirase como mínimo un tribunal para cada especialidade en cada un dos centros onde se realicen os exames. Cada tribunal estará formado por un presidente ou presidenta e como mínimo dous vogais, que serán membros do departamento didáctico da familia profesional correspondente e con destino no mesmo centro. Cando cumpra, poderá formar parte do tribunal profesorado con destino noutro centro, sempre que pertenza á mesma familia profesional.

Os membros titulares e suplentes do tribunal serán designados pola dirección do centro onde se desenvolvan os exames. O presidente ou a presidenta serán preferentemente o xefe ou a xefa do departamento didáctico da familia profesional do IES/CIFP onde se realicen os exames, e actuará como secretario ou secretaria o vogal ou a vogal de menor idade.

2. Logo da convocatoria do presidente ou a presidenta, constituirase o tribunal respectivo, coa asistencia da maioría simple dos seus membros, titulares ou suplentes. Na devandita sesión, o tribunal acordará todas as decisións que corresponda para garantir o correcto desenvolvemento das probas.

3. A partir da súa constitución, para que o tribunal poida actuar validamente requirirase a presenza dun mínimo de tres membros, dos cales un será obrigatoriamente o presidente ou a presidenta. Os membros titulares e os suplentes poderán actuar indistinta e concorrentemente.

4. O tribunal cualificador correspondente resolverá cantas incidencias se susciten no ámbito desta convocatoria. Para os efectos de comunicación e demais incidencias, os tribunais terán a súa sede na Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

5. Os membros dos tribunais percibirán as indemnizacións correspondentes segundo o establecido no artigo 26.2º do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. O tribunal poderá dispor a incorporación de persoal asesor especialista para cada un dos carnés convocados, que lle prestará a súa colaboración ao

tribunal nas especialidades técnicas de cada materia e deberá emitir informe sobre a documentación de cada aspirante, o que se unirá á acta correspondente, con independencia dos requisitos que o tribunal considere oportunos, co fin de que informe verbalmente sobre determinados supostos. As actuacións de tales asesores ou asesoras deberán quedar reflectidas nas actas. Así mesmo, o tribunal poderá valerse da actividade de persoal auxiliar durante a realización dos exercicios.

Artigo 8º.-*Desenvolvemento dos exames.*

1. Os exames realizaranse nos centros a que se fai referencia no punto 1 da base sexta desta orde.

2. Para a realización do exame as persoas candidatas deberán ir provistas do documento oficial que acredite a súa identidade, lapis, goma de borrar e bolígrafo negro ou azul.

3. Os exames estarán xeralmente constituídos por dúas partes, que se desenvolverán na mesma xornada:

a) Primeira parte. Exercicio teórico escrito consistente na resolución dun cuestionario tipo test proposto polo tribunal sobre as materias e a regulamentación establecidas para cada especialidade. Poderá incluír cuestións sobre coñecementos tecnolóxicos e cálculos básicos no ámbito da competencia do carné profesional.

Para o carné de operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, a primeira parte estará constituída por dous exercicios; o primeiro deles será de tipo test e o segundo será un suposto práctico escrito, que versará sobre unha ou varias operacións propostas polo tribunal en relación cos requisitos prácticos establecidos. Para o suposto práctico escrito, as persoas candidatas poderán utilizar a instrución técnica complementaria MIE-AEM-4 do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados.

b) Segunda parte. Poderá consistir, segundo determine o tribunal, nun suposto práctico escrito ou nunha proba práctica, e versará sobre unha ou varias operacións propostas polo tribunal en relación cos requisitos prácticos establecidos para cada especialidade.

Neste exercicio, as persoas candidatas poderán utilizar o correspondente regulamento técnico, así como calculadora non programable, cando a especialidade o requira.

Para o carné de operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, a segunda parte consistirá nunha proba práctica co guindastre móbil autopropulsado, cuxo contido e condicións de realización determinará o tribunal. Así mesmo, o tribunal determinará e publicará a data en que as persoas aspirantes inscritas realizarán esta segunda parte, que será distinta da data en que realicen a primeira.

4. Nas especialidades en que estea legalmente establecido, poderán quedar exentas do primeiro exercicio as persoas que dispoñan de determinadas titulacións e que acrediten experiencia laboral.

Artigo 9º.-*Cualificación dos exames.*

1. A puntuación mínima para superar cada parte corresponderá á metade do valor da puntuación máxima posible da devandita parte. Na parte teórica a nota formarase de acordo coa expresión: número de respostas correctas - (número de respostas incorrectas/3).

2. Os exames cualificaranse como «apto/a» ou «non apto/a». Para considerarse apto/a deberanse aprobar as dúas partes independentemente.

Artigo 10º.-*Listaxe de persoas aprobadas.*

1. O tribunal cualificador publicará a relación provisional de persoas aprobadas por provincias e dará traslado desta aos catro departamentos territoriais de Educación para a súa publicación nos respectivos taboleiros de anuncios no prazo máximo de dez días desde a finalización das probas en todas as especialidades.

Esta relación tamén se poderá consultar na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

2. Disporase dun prazo de dez días naturais desde a publicación da relación provisional de persoas aprobadas para formular reclamacións ante o presidente ou a presidenta do tribunal cualificador, quen resolverá a reclamación e notificará a resolución á persoa interesada no prazo de dez días naturais.

3. Finalizado o prazo, o tribunal enviará a proposta das listaxes de persoas aprobadas por especialidade ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, quen as elevará a definitivas mediante resolución e dará traslado delas aos catro departamentos territoriais para a súa publicación nos respectivos taboleiros de anuncios, no prazo de dez días.

4. Poderase interpor recurso de reposición contra a listaxe de persoas aprobadas no prazo dun mes a partir da publicación nos taboleiros de anuncios.

5. Contra a resolución definitiva poderase interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes desde a súa publicación.

Artigo 11º.-*Expedición de carnés.*

Logo de elevadas a definitivas as listaxes, as persoas aprobadas recibirán por correo certificado o correspondente carné profesional no domicilio indicado na súa solicitude.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2010.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E**  
**ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*ANEXO I*

|   |   |                                |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>INSCRIPCIÓN NAS PROBAS DE CAPACITACIÓN DE INSTALADORES EN MATERIA DE SEGURIDADE INDUSTRIAL</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><b>ED527A</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|---|---|--------------------------------|

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

|                    |               |                   |                        |
|--------------------|---------------|-------------------|------------------------|
| NOME E APELIDOS    |               | DATA DE NACEMENTO | NIF / NIE OU PASAPORTE |
| ENDEREZO           |               | PROVINCIA         | CONCELLO               |
| LOCALIDADE         | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO          | FAX                    |
| CORREO ELECTRÓNICO |               |                   |                        |

**SOLICITA**

A inscrición nas probas para a obtención do carné profesional que se indica:

Carné profesional:

|  |   |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Instalador/ora de fontanaría.   | <input type="checkbox"/> Certificado de cualificación individual como instalador/ora de gas, categoría C. |
| <input type="checkbox"/> Operador/ora industrial de cakeiras.  | <input type="checkbox"/> Instalador/ora de produtos petrolíferos líquidos, categoría I.                   |
| <input type="checkbox"/> Instalador/ora frigorista.  | <input type="checkbox"/> Instalador/ora de produtos petrolíferos líquidos, categoría II.                  |
| <input type="checkbox"/> Conservador/ora reparador/ora frigorista.   | <input type="checkbox"/> Reparador/ora de produtos petrolíferos líquidos, categoría III.                  |
| <input type="checkbox"/> Certificado de cualificación individual en baixa tensión, categoría básica.       | <input type="checkbox"/> Instalador/ora de liñas de alta tensión, categoría LAT1.                         |
| <input type="checkbox"/> Certificado de cualificación individual en baixa tensión, categoría especialista. | <input type="checkbox"/> Instalador/ora de liñas de alta tensión, categoría LAT2.                         |
| <input type="checkbox"/> Carné profesional en instalacións térmicas de edificios.                          | <input type="checkbox"/> Operador/ora de guindastre torre.  |
| <input type="checkbox"/> Certificado de cualificación individual como instalador/ora de gas, categoría A.  | <input type="checkbox"/> Operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, categoría A.                    |
| <input type="checkbox"/> Certificado de cualificación individual como instalador/ora de gas, categoría B.  | <input type="checkbox"/> Operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, categoría B.                    |

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte (no caso de non autorizar a consulta de datos de identidade telemática).

Dúas fotografías tamaño carné.

Xustificante de liquidación de taxas (clave 32.07.01).

Fotocopia da titulación ou estudos requiridos, de ser o caso.

Certificado de aproveitamento do curso impartido por unha entidade de formación autorizada, cando o estableza a especialidade.

Acreditación da experiencia laboral, cando o estableza a especialidade.

Certificación de ter superado un exame médico, cando o estableza a especialidade.

*A documentación que non sexa orixinal deberá estar compulsada.*



Observacións:

Autorizo a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.  SI  NON (neste caso achegar documentación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa, pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé da solicitude.

|  |  |  |
|--|--|--|
| LEXISLACIÓN APLICABLE<br><br><i>Orde do 2 de xullo de 2010 pola que se convocan probas para a obtención de determinados carnés profesionais no ano 2010.</i> | (Para cubrir pola Administración)<br>RECIBIDO<br>_____<br>REVISADO E CONFORME<br>_____ | NÚMERO DE EXPEDIENTE<br>_____<br>DATA DE ENTRADA<br>____/____/____<br>DATA DE EFECTOS<br>____/____/____<br>DATA DE SAÍDA<br>____/____/____ |
| SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU DE QUEN A REPRESENTA<br><br>_____, de _____ de _____   |  |  |

ANEXO II

|  |   |                                    |                       |   |                     |
|--|---|------------------------------------|-----------------------|---|---------------------|
| <br><b>XUNTA DE GALICIA</b><br>CONSELLERÍA DE FACENDA   | <b>TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</b><br><small>Lei 6/2009, do 9 de decembro<br/>Decreto 61/2005, do 7 de abril</small><br><b>AUTO Liquidación</b> | Modelo<br><b>A</b><br><b>EUROS</b> | A10115757 2           | Código: 0 8<br>Código: 1 3<br>Código: 0 3 | Código: 3 2 0 7 0 1 |
| Consellería de Economía e Industria.....<br>Delegación de Servizos Centrais.....<br>Servizo de Administración Industrial.....<br>Taxa: denominación: capacitación profesional para o exercicio de actividades.....<br>en materia de industria..... |   |                                    |                       |   |                     |
| CÓDIGOS  |   |                                    |                       |   |                     |
| NIF  | APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL   |                                    |                       |   |                     |
| VIA PÚBLICA  | NÚMERO  | ESCALA                             | PISO                  | PORTA                                     | TELÉFONO            |
| CONCELLO   | PROVINCIA   |                                    | CÓDIGO POSTAL         |   |                     |
| SUXETO PASIVO  |   |                                    |                       |   |                     |
| BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPONIBLE OU UNIDADES  |   |                                    | IMPORTE PARA INGRESAR |   |                     |
| TOTAL € 38,37  |   |                                    |                       |   |                     |
| LIQUIDACIÓN  |   |                                    |                       |   |                     |
| ..... de ..... de 20.....<br>Sinatura do declarante ou representante legal   |   |                                    |                       |   |                     |
| Seio   | Data  | Número                             |                       |   |                     |
| <b>IMPORTANTE:</b> o ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación.  |   |                                    |                       |   |                     |

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 5 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases e se convocan axudas para a creación e mellora de empresas de aproveitamentos forestais.*

O Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), establece no seu artigo 52 a posibilidade de outorgar axudas para a creación e desenvolvemento de microempresas con vistas ao fomento do espírito empresarial e do desenvolvemento da estrutura económica. A Consellería do Medio Rural dispón dun Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) para o período 2007-2013, cofinanciado pola Unión Europea a través do Feader nun 57,56%, seguindo as directrices do Regulamento (CE) 1698/2005 e disposicións complementarias. No PDR 2007-2013 figuran, na medida 312, axudas aos investimentos de microempresas que contribúan ao desenvolvemento rural, entre as cales figuran as empresas de aproveitamentos forestais.

Por outra parte, estas bases inclúen a posibilidade de conceder axudas con fondos propios a pequenas e medianas empresas forestais que non poden acceder ás axudas financiadas co Feader.

O Real decreto 1852/2009, do 4 de decembro, establece os criterios para subvencionar os gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural cofi-

nanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

O Decreto 432/2009, do 11 de decembro, regula as axudas rexionais ao investimento e ao emprego na Comunidade Autónoma de Galicia en aplicación do Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE.

As axudas rexionais teñen como finalidade impulsar o crecemento económico de determinadas rexións menos favorecidas co fin de paliar as disparidades rexionais e contribuír á cohesión económica, social e territorial da Unión Europea, o desenvolvemento das rexións menos favorecidas mediante o apoio aos investimentos e a creación de emprego nun contexto de desenvolvemento sustentable.

As axudas rexionais favorecen a ampliación, modernización e diversificación das actividades dos establecementos situados nestas rexións, así como a implantación de novas empresas. Son fundamentalmente axudas ao investimento en activos fixos nun contexto de desenvolvemento sustentable, relacionados coa creación dun novo establecemento, a ampliación dun xa existente ou o lanzamento dunha actividade que implique un cambio fundamental no produto ou no proceso de produción dun establecemento existente.

A importancia do sector forestal en Galicia e, dentro del, das empresas de aproveitamentos forestais,